

# i Terra nosa!

BIBLIOTECA POPULAR GALEGA

Volume 10.

10 cénts.



Luis Fernández Gómez

AMOR SINXELO



**BODEGAS BILBAINAS**  
**VINOS FINOS de RIOJA, BLANCOS y TINTOS**

---

Gran Champang "LUMEN"

Cognac "FARO"

---

Depósito: **Plaza de Lugo, 1**

**LA CORUÑA**

---

---

**SIDRA CHAMPAGNE**  
**VERETERRA Y CANGAS**

---

Pídase en todas partes

---

Depósito: **Plaza de Lugo, 1**

# TERRA A NOSA!

Suplemento de EL NOROESTE

ANO I. | A CRUÑA, 10 Mayo de 1919. | VOLUME IO.

## AMOR SINXELO

(NOVELA)

### BOLETO DE VOTACIÓN pra o Concurso de TERRA A NOSA

Depois de leida por min a obra de concurso  
"Amor Sinxelo", de Luis Fernández Gómez  
creto qu'è merecente de ..... puntos pra  
optare aos premios ofrecidos por Terra a nosa.

O leitor,

Léase á volta.

# ¡TERRA A NOSA!

Suplemento de EL NOROESTE

ANO I. | A CRUÑA, 10 Mayo de 1919. | VOLUME 10.

## AMOR SINXELO

(NOVELA)

POR

LUÍS FERNÁNDEZ GÓMEZ



A CRUÑA

Tipografía d'EL NOROESTE

Real, 26

Os lectores de "Terra a nosa" poden  
mitire cuberto ao Administrador d'EL  
"ROESTE" o boleto que vai á volta,  
recorde co artículo 10.º do noso concu-  
o que di:

10.º A votación efectuaráse da siguen-  
maneira: Cada número da "Terra a  
" que pubrique un orixinal de con-  
són levará un boleto no que poderá  
tar o leitore, de un a dez, o número  
puntos que creia comente adxudi-  
de á mesma obra, e cuio boleto depo-  
án no buzón d'esta administración,  
26.— A Cruña. Os lectores de fora da  
idade, poderán remitil-os boletos por  
o, mediante un selo de cuarto de cén-

v á casa



## UNHAS VERBAS

*Quixera que esta noveliña, que publicáse non pol'os seus poucos merecementos; e si pol'a bondade do xurado calificador, fose unha boa obra, para qu'os leutores disen por ben empregado o tempo que tardasen en leela. Mais, non abonda con querélo. Pacencia.*

*Adicolla ó meu pai, quén, como bó galego; a acollerá con fondosísimo agarimo, non soto pol'o feito de sere por min esquiria, senón tamén pol'o moito amor que sinto pol'o noso idioma. ¡Que este amor; que como él sinto, seia o que faga qu'a miña pruma, torpe pol'o d'agora, non se durma, pois, aínda que lle non chegue a dar á nosa fala mais expreñdor do que ten, terel a outa satisfacción d'habere posto o meu grao d'area n'esta obrade galeguismo.*

*Perdoeme o leutor estas verbas; e, agora, a ver se atopa algo de bó no que vai a leere. Amén.*

O Autor.



# AMOR SINXELO

(NOVELA)

## I

Crebábanse as olas ó batir n'os penedos d'a costa; as ferventes augas entraban n'as furnas, runxindo, e n'o espazo se erguía a voz ronca e potente do mar, somellante a un trono lexano. Unha branca e brillante espuma, que cubría os penedos máis baixos, somellaba un fermoso encaixe que se desfacía, pouco a pouco, e volvía outra vez a urdil'o mar, incansable. A "Marola", como o lombo d'un enorme e durmente cetáceo, xurdía d'entre un cintro d'escumas n'a entrada d'a ría, d'esá feiteiceira e incomparable ría de Sada, que atesoura as maores belezas, e n'a que os ollos non se cansan de admirare as moitas fermosuras qu'o Pai Eterno tivo a bén acugulare n'ela.

Apoitecia. A abermellada cõr que tiña o ceo cara á Cruña foi, pouco a pouco, trocándose en amarela, que se foi esvaindo, mainamente hastra facerse abrancazada. As sombras da noite baixaban dos montes, e iban cubrindo o mar, e loitaban co'as derradeiras craridades do día, que, ó fin se apagaron; e o ceo adquiríu unha cõr azul escuro, borroso, que foi a derradeira convulsión d'agonía d'aquel fermoso día de Outono.

Alá, lonxe, a liña branca das casas da Cruña, que somellaban frotare n'o mar, tan a rentes vianse das augas, foise esvaindo entr'as sombras da noite! No sitio dode se viran as casas, alcendéronse moitas luceciñas, e n'un extremo, aló enriba n'o espazo, brilló unha luz forte e branca.

Era o faro da torre de Hércules, que botaba unha royola longa e ancha, que iluminaba un anaquiño o horizonte, euase magoando os ollos, e que, pouco a

pouco, iba morrendo, hastra facerse tan pequena, tam débete, que somellaba unha estrela.

N'unha leira, entre Subiña e a costa, había un rapáz sentado n'un petouto, ollando fixamente o mar. Diante d'él, tirados n'o chan, víanse, un sacho, unha chaqueta, e un sombreiro. Aínda que as sombras da noite non deixaban ver moi ben, notábanse, n'aquél mozo, señas d'un fondo sofrimento. Tiña a frente chea d'enrugas, o bico encollido e apretado, e os ollos enroxeídos, como si o pranto os houbese mollado. Aquel rapáz estivo como aparvado n'aquél sitio, hastra que a noite, vencedora, fíxose dona da natureza, i-espallón as suas mouras vestiduras, semadas de parpadexantes puntinhos de luz. Como se despertase d'un abafante sono, pechóu e abriu váreas veces os ollos, e, despóis os restregó con forza, i-erguendose, púxos'a chaqueta e-o sombreiro, recadóu o sacho, e, paseniñamente, pol'o medio d'as leiras, marchóu cara a Subiña. O chegare a éste ruciro, encamiñóuse, pol'o camiño, a Dexo, que era onde vivía. Iba un pouco botado para diante, como dobrado pol'o peso dos muros pensamentos que boligaban candentes n'o seu miolo, mesturándose os bós c'os malos, de tal xeito, que non sabía cales eran os ús ou os outros, como si ó mesturarse n'aquél horrible trafego perdesen as suas características, e adequirisen a mesma forma, como lles pasa ás pedras que o mar pule n'o seu seo, e que ó sere botadas á area, aínda que unhas son mais grandes que as outras, cuase teñen todas a mesma feitura. As ideias d'aquél rapáz, nadas unhas n'a testa, e outras no corazón, eran medidas e pesadas por él váreas veces, hastra que a forza de darlles voltas, cansóuse; e, sin folgos para pensar máis, deixou que os pensamentos que nacían n'o seu miolo conquerriran o trunfo, i-estos, despóis de facere batir en retirada ós poucos nobres que co'eles leitaban, foron apagando, mainamente, os berros da sua conciencia, que soaban debremente decíndolle:

—¡Mal fillo...! Afoutarte a deixar á tua nai, soia abandonada. Ti, o único amor, o único agarimo que ten marchar de cabo dela. ¡non tes conciencia, non tes sentimentos...! ¡mal fillo...! ¡abandoar á tua nai...!

Non quería ouvir ésta voz, quería afogála, i-en troques, tremaba co'a ledicia o lembrarse das verbas da sua noíva, de Rosa; d'aquelas verbas que, como si tiveran unha máxica forza, fíxeran nacere n'a sua i-al-

ma, nobre e reuta, á arela de riquezas e de benestar, a cobiza de algo, que hastra destonces non cobizara; e aquelas verbas eran fillas da envexa, da fame d'abranguere o que non tiña; Si, aínda lle parecía ouvíla voz da súa moza, aquela voz doce, tenra, que lle entraba n'a i-alma espallándolle n'ela unha ledicia fonдонísima, aquela voz que agarimosa lle decía:

"Aquí é unha probeza, Antón; aquí non chegarás a ter nada. Eu quérote, e casarásme contigo probe ou rico, pero, Antoniño, xuntaremos probeza con probeza, e de cote, como bestas, traballaremos como agora traballamos. Non; ti debes de loitare, como outros loitan e loitaron, para abranguelo diñeiro que non tes. Eres forte, eres traballador como o pirmeiro; márchate Antón, para América, aló traballarás, ¡tamén aquí traballas! pero aló ganarás moito diñeiro. Mira a Pepe da "Nacha" o de Xoez, á Xan de Souto o de Mera ou a Xacinto de Portela o de Lorvé, e a moitos máis que aló foron e trouxeron moitos cartiños, e mercaron leiras, e fixeron casas, e euase non traballan ¡teñen abondo quen llo faga...! ¡tendo cartos...! Eu, de cote seréi a mesma... agardaréite... aínda somos ús nenos, como quen dí, e axiña pasa o tempo. Xa véis, Xacinto de Portela en oito anos ganou para a casíña... ¡porque tí, que eres tan forte, e tan traballador como él, non vás a abranguere outro tanto, n'o mesmo tempo...? ou en menos... ¡quen sabe!.....marcha aló, Antón; Dios axudarache; eu rezareille moito, para que vexamos, o máis axiña posible os nosos sonos trocados en realidade. Lébrate dos mozos d'aquí que están aló... ¡Sabes canto lle mandou o fillo da tía Manuela, a nosa veciña, n'a derradeira letra...? pois... ¡mil réas...! xa véis... ¡mil reas! E. ¡dime...? ¡cando aquí os vería xuntos? nunca. Anton, nunca. Aquí e unha probeza unha miseria....."

Anton atopaba ben canto dixera Rosa, aquela cobizosa rapaza, pero, ¡iba a deixar á súa nai, sen agarrimo ningún, soa, abandoada.....?

¡E si aló lle iba mal...? ¡quen sabe! Por traballar non quedaría ¡iba tan afeito a dobrar o espiñazo...! pero... ¡pasan tantas cousas! En troques, se volvía con cartiños... ¡que ledicia ter unha casíña; unha muller facendosa; unhas leiras de moitos ferrados; unha, ou dúas, parexas de bois, gordos e fortes como castelos, e unha vaquiña c'un cuxiño brincador... ¡cantas cousas, Dios santo...! ¡e todo podíase adquirire tendo



vountade...! Non, por él non quedaría; marcharía a América e..... xa verían os seus conveciños do que era capáz Anton de Arévalo.

Y-éstos pensamentos se erguían por riba de todo, e a voz da sua concencia quedaba afogada pol-a da sua comencia, pol'a das suas arelas, pol'a.....de Rosa. Esta voz berraba con arruallo, con forza, consente do seu poder:

—“Déixate de pequeneces; non dúbides máis; míra que é, cicáis, a tua felicidade. Nada che impide o marchar; o Amor agárdache como premio ós teus traballos; aló conquistarás o que cobizas; a tua nai aínda está forte, e cicáis viva moitos anos, e, o fin, cando volvas para aquí, e seías un dos máis ricos d'aldea, vivindo n'unha casíña tua, co'a tua muller e co'a tua nai, i-esta diráche:

—Que feliz son, meu Antoniño. ¡Quen m'ó diría d'aquela, cando non te deixaba marchare!”.

Antón pensaba n'esto e sentía crecelas suas forzas, pero lembrábase da sua probe nai, que quedaría sen agarimo ningún, e volta a baraxar pensamentos, e a cavilar; hastra qué, como dixemos, cansouse d'aquel trafego, d'aquela loita dórosa, e se deixou de pensare.

Preto da sua casa, lembróuse de que tiña que levarlle á sua noiva, aquela noite, a réplica da sua nai, i-estarrceuse. ¡A réplica da sua nai.....! ¡que ben sabía él! A sua nai repricaría que non; que era o que non quería Rosa... nin él. Estivo un anaquiño sen abril'a porta da sua casa, e, cando o fixo, xuróuse o lle decir á sua nai..... canto Rosa lle dixera; pero, naturalmente, como cousa sua.

## II

É da lareira, pelando unhas patacas, hachábase á nai de Antón. Era a tía Marica, que tal era o seu nome, unha muller como de corenta e cinco a cincuenta anos; de cabelo algo cañoso; de cara, que comenzaba a enrugarse, e que tiña esa cór que se adequire cando se traballa de cote sufrindo as incrementias do tempo; os ollos azules, aínda brillaban c'unha ollada serea e firme; o conxunto era moi agradable; a nai de Antón facíase sempática á primeira ollada.

Sentiu abril'a porta, estarrceuse, e dixo:

—¡Quen anda ahí!

E Antón, qué era quen entraba, reprecoulle:

—Son eu, miña nai.

I-ésta, agarimosa díxolle, sorrindo, e ollándó c'unha d'esas olladas que soio unha nai pode dirixir a un fillo a quen queira como ela quería ó seu:

—Moito traballache hoxe, Antoníño.

—Como de cote, miña nai.

—Non meu neno; hoxe viñeche máis tarde que onte. Xa fai moito tempo que se puxo o sol. Traballas moito, moito; érgueste cedo, déitaste tarde; vás a enfermarse, meu neníño.

—E que quere, miña nai. Traballo moito, é certo, e ¿para qué...? para estar de cote o mesmo; para comere soio unha cunca de caldo (que nunca falte) e un anaco de broa; para sere sempre un escravo—ó decir esto lembrouse do que se había xurado, e animouse—Si, un escravo, das rendas, dos consumos, que nos levan o millor do froito, o millor do noso traballo. Si, traballo e traballaréi, e o meu suor esbarará pol'a miña frente, e caerá pingota a pingota n'esas terras alleas, n'esas terras que non son miñas, i-ese suor meu, como o suor d'outros probes como eu, rega, e regará o froito que outros comerán. ¡S'eu fora rico...! pero ¿como ei selo? Non; aquí seréi probe sempre, si, ¡probe sempre! Pero forzas teño abondo, vountade non me falta, e hai n'o mundo outras terras, outros países, onde págase ben o suor, i-é unha cobardía, e unha vergonza, estare de cote así, sen moverse, sen afoutarse a probar fortuna.

Aquí faise un vello, dobrado a cotío sobor da terra; trócanse, pouco a pouco, os cabelos mouros en brancas cañas, e cando ó finar da vida, vólvese a vista atrás e, c'ó pensamento, se ollen, os días que fuxiron para sempre, e se lembre un dos traballos pasados, das fames, das miserias sofridas, e dos aldraxes do tempo, e dos homes, que aínda, ás veces, son piores, e ó vere qu'a vida sigue sendo a mesma, millor dito, máis mala, pois se levan enriba os anos, debe sentirse n'a i-alma unha fonda desesperación, que pesará com'unha lousa de promo. A vida así e un calvario, mi madre. Eu quero loitare para abranguer algo para a vellez. Non, non quero vivir de cote así.

—E que vás a facer, meu fillíño. Destonces: ¿qué pensas? ¿qué maxinas?

—Que lle vou a facer...? Loitar, traballar, pero non

aquí; traballar e loitar onde paguen ben, onde se vexa o froito do traballo: Xa sei que traballarei moito, pero ¡máis que aquí n'ei traballar!

A tía Marica, o ouvir esto, perguntoulle con tremante voz:

—Pero, ¿que dis...? ¿que traballarás...! ti toleas Antón: ¿ti que pensas facer? fala... cóntame... ¿onde traballarás que non seia cabo da tua naiçia.....? ¿onde, meu neno, onde millor que aquí, que estou contigo?—e arelosa, con bágoas n'os ollos, agardou a réprica do seu fillo.

—Mire, miña nai,—dixo Antón—vamos a falar craro ó fin tiña que sere, e canto máis axiña millor. Non chore, dame moita carraxe vela así. Eu xa teño que ire pensando no día de mañan, e cmo aquí non se pode abranguer máis que fame, penséi en..... en marchar para Buenos Aires.

—¡Para Buenos Aires, meu filliño...! ¿ti n'estás bó...! ¿como vás a marchare se non temos cartos abondo para o porte?

—Os cartos búscanse; tamén Farruco, o fillo do xastre de Mera, buscóunos, e xa fai dous meses que os mandou.

—E déixasme soía, sen ningún agarimo. ¡Non, non creio eso de ti...! ¿oyesme? ti non podes facer eso, non eres tan mal fillo... ¡deixarme abandoada, sen podere ollarte! ¿e si te pos aló maliño, quen te cuidará como eu, quen? Marchar para tan lonxe, ti, meu corazón: non, ¡non pode sere...! morrerei co'a tristura...Si, meu filliño, si, ¡morrerei co'a pena de non podere ollarte, de non podere falarche! n'ó dúbides, Antonioño, non..... Afogáronna os saloucos, e botouse a chorar acongoxada.

Antón baixou a testa, e, cuase sen folgos, dixo:

—A vosté lle non faltaría nada.

—¡Me non faltaría nada...! faltábasme ti, ti, que o eres todo para min, ti, meu neninho, meu ben, que eres o meu único agarimo; e dis ¿que non me faltaría nada! Como se ti non foras nada para min... ¡ti, que érel'o todo...! ¡O todo.....! ¡m'enxergues ben?

—Xa se iría afacendo, pouco a pouco. E' cando eu volva, con moitos cartiños, xa verá que boa vida; ¡pásase tan axiña o tempo! xa vé, cuase foi onte, como quen dí, cando marchéu Xacinto de Portela, e trouxo para unha casa, e mercóu leiras e brañas..... ¡cantos cartos trouxo!

—Tivo sorte, moita sorte; pero ¿ti sabes si a terás tamén?

—N'ó sei, por eso quero probare.

—Non, meu filliño, non marches; eu vou a morrer axiña, e non quero que ti te haches tan lonxe cando eu morra. Non me deixes soía, non amargues os derradeiros anos da miña vida. Eu nada cobizo, c'o teu amor abóndame, é para min, a millor riqueza, a maior felicidade. ¡Non marches, meu filliño, non marches.....! ¿N'è certo que non marchas.....?

Antón non atinou que repicare. Aquela eisprosión de amor sinxelo, verdadeiro, que era máis forte, máis outo, que a cobiza e as arelas de diñeiro, desarmóuno e quedóu calado, ollando fixamente o lume. Estivo tentado, ó verá chorar tanto á sua nai, a lle decir que non marcharía, pero pasóu pol'a sua maxinación a lembranza das verbas de Rosa, é destonces, como se fosen o aguillón que fixera movel'as debres arelas que él sentía, faloulle así á sua nai:

—Non ten porque pôrse así; non chore; pense ben n'o que lle dixer, e xa verá como teño razón.

—Xa está pensado, Antoniño ¡non quero que marches...! Soamente que seias tan malo que queiras matarme; pero non; ti non tes tan mal curazón... ¿N'è verdade que non marcharás, Antoniño?

Antón marmurou algo que non se ouviu ben; e vendo que non podería convencela, recadóu unha moica que estaba tirada n'o chañ, abriu a porta, e díxolle á sua nai:

—Volvo axiña.

E pechóu a porta, i-esvafuse entr'as sombras da noite.

A tía Marica quedóu saloucando, e ollando fixamente as lénguas roxas do lume, que lambían o pote que penduraba da gramalleira; e así estivo un bô anaco, insensibre, aparvada, como si houbese sofrido un forte pau n'a testa.

### III

En Dexo, escénario onde se movían os nosos personaxes, todo era, a aquela hora, silencio e sombras. O silencio era crebado, de vez en cando, pol'os ladridos dos cans que facían guardia n'as eiras; soaba un forte ladrido, que facía o mesmo efeuto que faría un

grande berro dado no silencio d'unha igreia, e de contado soaban moitos máis, como repicándolle: eran como os alertas dos centinelas; e volvía a reinar outra vez o silencio, o acougo. As têbras, fondas, espesas, eran furadas por algunhas débres lucecñas que brillaban n'algunhas fenestras, e aló no espazo, tremaban as estrelleñas.

A xente, cansa do cotián traballo, deitábase cedo; tiña que se erguere ó cantal'os galos, e había que reponer as forzas gastadas.

Somellaba que aquél acougo da natureza, era com-preto, e que aquelas xentes, sen preocupacións, sen arelas, co'a i-alma acugulada d'un acougo tan com-preto como o da natureza, dormían o sono dos xustos, ou o dos insensibres; e non era así; había quen non acougaba, quen tiña a i-alma chea de incertidume, e a testa dorida de tanto pensare. N'unha casaíña, preto da igreia, unha rapaza agardaba arelante, ollando con fixesa as sombras da corredeira, que pasaba a rentes da súa casa; e ó ouvire calquer ruído, estarrecíase. A rapaza doulle un pulo o curazón; ouvíra na corredeira os pasos d'unha persoa, e saíu á porta. De entre as sombras saíu un home que se dirixiu á casa de Rosa, que non outra era aquela rapaza, i-esta díxolle con tremante voz:

—Moito tardache hoxe, Antón.

—Para che traer as noticias que trayo, máis valera que non viñese!

—¡Logo moi malas son...! ¡Dixéchello á tua nai?

—Dixenllo; e millor fora que llo non dixera.

—Destonces, ¿que che repicóu?

—O que eu pensaba. ¡Quêrme demasiado, para me deixare marchar! Di que non se afaría soia. Eu faleille todo..... todo o que ti me dixeras e ..... ¡se viras como choraba.....! e díxome: "se marchas morreréi" ¡Eu non sei que pasóu por min ó vela chorar...! ¡Doime, tanto deixála tan soia!

—Soia non queda, home; nós mirariámos por ela.

—D'aquela morrería de fame, pois non vos colle-ría nada—¡sei como é a miña nai!

—Todo ten arreglo n'este mundo, Antón; cousas piores se viron. E, como ti ves, o tempo pasa, e axi-ña faise un vello. Fálalle outra vez.....

—Cuase non me afouto a facelo... ¡dame tanta tris-tura vela chorar...! ¡se ti estiveras alí cando llo dixen!

Calaron. Aquel dôr grande e sinxelo, aquel dôr de nai, era com'un petouto moi grande posto n'o camiño das suas arelas, e para Antón era cuase imposible o movelo, pero para Rosa era fácele—como Antón quixerá...! ¡con tal de que axudara un pouquiño...! a tía Marica xa abrandaría, cousas piores se viran, e, ademáis, ela tiña que limpar aquel camiño, ó fin do que se achaba a súa felicidade: sí, tiña que soparar aquel petouto, ou brincar por riba d'el, para abranguere aquela felicidade, e... brincaría ou quitaría todo o que foise; tiña que saire triunfante... ¡que tiña que ver ela co'aquel dôr! Loitaría, e xa sairía ben do apreto. I-erguendo a testa dixo, ollando á Antón tenramente, e c'unha feiteiceira sorriso n'os labres.

—Pouco valente és, Antón; ¡e que pouco me queres! se me quixeras non te fixarías en pequeneces, ¡se me quixeras como eu te quero! xúroche que te afoutarías a todo. Eu quero soio o teu ben, quero que non traballes toda a vida; se deseio que marches para América e para que fagas cartos, como outros fixeron, pero esos outros eran máis valentes que ti, e non se fixaban n'o que ti te fixas. ¡Se me quixeras...!

Antón n'a deixou seguire; ferido n'o curazón, chegouse a ela; colléulle as mans, e lle falou así:

—Quérote Rosiña, ¡ben o sabes! Ti és para mín a gloria, e soio en pensare que deixes de quererme pónome tolo. O farei todo para verte leda, pídemme o que queiras, as cousas máis difíciles, as máis malas de conquerire, pero, non me pidas que deixe á miña nai... ¡quédase tan soia!

Al rapaza, vendo cuase perdida a partida, díxolle con enerxía, disposta a todo:

—Ben, Antón, morra o conto. Quédate co'a tua nai, é millor. Pero non digas que me queres. Pídoche que fagas o que podes facer, non un imposible, agora fai o que queiras. Eu dígocho pol'o teu ben. Non estou disposta a pasalo tempo con quen non me quere ¡Cantos se quixeran ver no teu lugar! Pénsao ben, e si n'ô queres facer..... aló tí.

E dou media volta i-entrou n'a casa.

Antón quedou aparvado, c'os ollos moi recachados, ollando a porta pol'a que desaparecera Rosa. ¡Cantos pensamentos tiña n'a testa! Volve a xurdir n'el a loita entre os dous amores: o da nai, e o de Rosa: o amor da nai era para él o máis outo e santo dos amores, a quería con toda a i-alma; pero tamén ¡canto

quería a Rosa!—quería desde neno, cando iban xuntos c'o gando, a herba, e a fonte, a aquela fontíña da Canle onde se xuraran amor eterno, onde sintira as primeiras ledicias d'un amor sinxelo e puro; e aquel amor medrara co'él e... morrería co'él.

Comprendendo que non tería forzas para loitar máis, a qu'o amor que lle tiña a Rosa era máis forte que él; e cegado pol'os feitos d'aquela cobizosa neza arripiouse ó pensare en que ela deixase de querélo e chamouna, disposto a facer canto ela quixera:

—¡Rosa, Rosiña, ti ós!

A rapaza non reprimou. Volveu a chamála, e o mesmo; e canso d'agardare iba a marchar co'a i-alma magoada, cando saíu Rosa e díxolle:

—Non pasel'o tempo Antón. Tenño a seguridá de que me non queres; así, que cando o penses d'outro xeito podes vir cabo de min, e si ves que non podes facel'o que eu digo, millor será que deixemos de sere mozos.

A tí sobraránche mozas, que cicáis non cheguen a te querer tanto como eu, e a min..... Dios dirá. Todo o fago pol'o teu ben; si queres facelo, ben, senón xa sabel'o que penso. Ben, abonda.....

Pechou a porta; e, xa drento da casa, sorríuse segura de que ó fin Antón faría canto ela quixera. ¡Sabía moi ben canto él a quería!

Antón quedóu co'a alma traspasada de dôr, i-estivo un anaquiño como sen senso, e despóis volveu para a súa casa, c'os máis mouros pensamentos metidos n'a testa, esbarándolle as bágoas pol'as meixelas, e sentindo n'a testa un dôr grande, moi grande, como se lle fosen dando baloucazos n'ela.

Aquela noite non pechóu os ollos, os seus pensamentos n'o deixaban dormir; e as primeiras craridades do día o atoparon cavilando como podería convencere á súa nai.

#### IV

Pasaron moitas noites sen que Antón fose a falar con Rosa. Esta, segura do trunfo, agardaba con acougo. ¡Que noites, para Antón, aquelas! ¡Cantas veces iba a decirlle á súa nai que marcharía por riba de todo, sen atopare verbas n'o seu miolo, para comenzare a decirllo! Non quería vela sofrire, e non se

afoutaba a falarlle; tremaba ó pensare en vela chorar, e calaba.... ¡Abondaba con que sofrira él....! ¡e canto sofria; non comía, non dormía, non acougaba; aquel pensamento queimáballe a testa, aquela idea lle apertaba o curazón....! ¡Rosa, a sua noiva, a nena feiteira e garrida que él cobizaba, que él quería con toda a i-alma, sere para outro!—Non, eso non...! Non podía vivire sen vela, sen me falar; era demasiado; aquilo n'era vivire; faltáballe todo ó faltarlle ela.... Non; no sufriría máis, non podía sofrir máis.

E unha noite que o deseio de vere a Rosa foi en él tan forte, que o fixo esquencer do dôr da sua probe nai, afoutouse a todo, e craramente, sen andar con voltas, pechando os ollos e os ouvidos co'a ledicia de podere ver axiña a Rosa, díxolle á sua nai todo o que pensaba; e a tía Marica despóis de se cansare de precurar quitarllo da testa, convencéuse de que non faría nada e ¡miña probe...! fartouse de chorar, pero as suas bágoas, o seu dôr, non abrandou a Antón, ¡era máis forte a arela de falar co'a sua moza que o dôr da sua nai!

Chegou á porta da casa de Rosa, o mesmo que un profiño que fose a pedire esmola, e aquela que, como total'as noites, estaba ollando a corredoira, o fixo agardar un hô anaco, como se quixera velo sufrir máis. Cando saiu, o primeiro que lle dixo, foi:

—¿Pensáchelo ben, Antón...? ¿Que dí a tua nai?

—Xa está ben pensado. E a miña nai..... a miña nai dí que si—ô mentire tremáballe a voz—Chora moito, pero fará o que eu queira.

Rosa púxose moi leda, e aquela noite..... aquela noite Antón púxose moi ledo tamén, e falaron moito, moitísimo, e ¡cantos sonos forxaron os dous rapaces!

O despedírense, ô mesmo tempo que lle sorría, como soio os ángeles ou as fadas poden sorrir, díxolle Rosa á Antón:

—Agora soio falta tratar do día, e... canto máis axiña millor.

—O vintedós d'este mes, sal da Cruña un barco para Buenos Aires, n'o que marcharán dous rapaces de Mera; así que, como aínda faltan vinte días, podó arregrare todo.

—Ben; hastra mañán, Antón.

—Hastra mañán, Rosiña.

Soaron váreos ruidiños moi somellantes a estralidos, que non son fáciles de trabucar con outra crás



de ruidos; e Antón marchou asubiando, disposto a lle decir á súa nai, que o vintedós d'aquel mes marcharía para Buenos Aires. ¡Canta forza teñen, ás veces, us bós estralidos apricadiños a tempo!

Fixó tai como pensara, e a tía Marica, cansa de loitare, afogóu o seu dór e reprecoulle:

—Fai o que queiras, Antoniño. ¡E que Dios che de moita sorte!

Foron aqueles días ben aproveitados; Antón preparou os papés; foi á Cruña a mercar un baiul para levar unha limpeza, e, con facilidade, atopou unha "i-alma caritativa" que con bó interés lle emprestou os cartos para o porte, e para algo máis; Rosa cansouse de forxar sonos para o pórvir, e d'alentare á Antón; e a tía Marica fartouse de chorar, e de cavillar noite e día n'as causas que obrigarían a marchar ó seu Antoniño, habéndolle éste dito de cote que nunca a deixaría, e de non habere pensado xamás en se marchar para América.

—Aquí hai algo, se non o meu fillo non marchaba, non—decía a boa da muller.

E cavilaba de cote, sen atopare aquél algo. Unha noite Antón que tardaba en volver para a casa, díxose a tía Marica:

—Moito tarda o meu fillo. Esa condanada de Rosa teno engayolado.

O lembrarse de Rosa, iluminouse o seu miolo, e... n'había dúbida, ela tiña a culpa de todo; si, ela era a que lle metera ó seu Antón n'a testa o marchare para América; si, aquela cobizosa, aquela folgazana roubáballe o amor do seu fillo... a ela... ¡á súa nai!—E a probe xurábase que xa as pagaría todas, todas xuntas.

—Por éstas—decía, e bicaba unha cruz que facía c'os dedos.

Todo chega n'esta vida, e, pol'o mesmo, tamén chegou a vispra do día da marcha de Antón. ¡Canto faláron él e Rosa...! Cuasé crarexaba cando marchou o mozo para a súa casa. Atopóu á súa nai erguida pón-dolle no baiul toda a súa roupíña, moi ben encartada, sen enrugas, e cando non tivo máis que metere ¡ainda cabía algo máis! pechóuno, doulle a chave a Antón, e púxose a remexer n'unha arca vella, onde tiña a súa roupíña; quitou unhas medallas, e un escapulario, atou todo c'unha cinta, e púxollo ó seu fillo ó pesco-

zo, e, con bágoas n'os ollos, díxolle con esmorecente voz:

—Terás esto posto de cote; n'ó perdas, meu filliño, A Nosa Señora guiaráche pol'o bô camiño, e daráche sorte. Cando olles esto lembraraste de min, que de cote rezaréi para que volvas sán e honrado.

Antón lle non dixo nada. Estaba como embobado, sen darse conta de nada; parecíalle todo un sono, e n'ó seu cerebro formigaban moitos pensamentos, pero como mesturados c'unha brétema espesa. ¡Se n'aquelles momentos poidera pensare, e se parase a comparar as verbas de Rosa co'as da súa nai! Destonces vería a diferenxia que había entre elas. A súa noiva faláralle soio de diñeiro, de casas, de leiras; as súas verbas eran fillas da cobiza; e a súa nai faláballe de amor, de honradez; faláballe co curazón, como soio pode falare unha boa nai, creente e agarimosa. ¡Os sentimentos das dúas mulleres estaban soparados por un abismo!

Como xa dixemos, Antón non estaba n'aquél momento para facer descubrimentos d'esta crás. Tiña a moleira como se lla houbesen valeirado, e notaba moita friaxe pol'o corpo.

Chegou o momento de machare; Antón colléu o baiul, púxo ó lombo, e saiu á corredeira, despóis de ollar con tristes ollos aquela casiña, aquelas cousas que o viran nacere e crecer, e que non sabía se volvería a ollare. Pechou a nai a porta, e corredeira adiante, fóronse alexando paseniño.

No areal de Mera agardábanno os dous rapaces que marchaban co'él.

N'a carreteira, estaba Rosa co'a súa nai. A tía Marica doulle ó seu fillo unha aberta, moi longa e moi forte; e Antón meteuse n'o bote que os iba a levar á Cruña; d'aquela chegouse a él a súa noiva e díxolle:

—Adiós, Antón.

L'éste reprecoulle, c'unha voz que somellaba un salouco:

—Adiós, Rosa.

E virou a cara para que lle non viran unhas bágoas que l'esbaraban pol'as meixelas.

O mar, tranquilo, cuase non movía ó bote; e a bris era tan débete que non hinchaba a vela, qu'os mariñeiros, termiñaban d'erguere. A forza de remo chegaron á boca do porto, e alí, o bote, crebóu as augas con li-

xeiraza, e axiña non foi máis que unha mancha moura n'a eistensión azuada do mar.

A tía Marica quedou n'o areal, chorando desesperadamente, e ali estivo hastra que perdén de vista o bote. Cando parou de chorar, subiu a carreteira, e encamiñouse á sua casa. Preto de Serantes atopou a Rosa, que iba parolando co'a sua nai. Viron éstas á tía Marica, e Rosa que estaba moi leda, pol'o seu trunfo, díxolle sorrindo.

—Se vosté quere podemos ir xuntas.

A tía Marica non reprecou, pero botoulle unha ollada tan terrible, tan chea de xenreira, que Rosa tomou medo e foise arredando, pouco a pouco, d'ela... ¡Aquela ollada era todo un poema!

## V

Antón foi, en Buenos Aires, un loitador máis, e ¡para que seguir, paso a paso, a sua vida aló? Abonda con decir que s'empregou axiña, e que de contado esquirbiulle unha carta á sua nai, e outra a Rosa, cartas que alegraron moito ás duas mulleres. N'elas decía pouco de particular: que atopara moitos coñecidos, que había que traballar de firme; que estaba moi ledo, que era o prencepal e..... nada máis. As cartas as drixía Antón á Cruña á casa d'us coñecidos, e estos as mandaban a Dexo. Cando a tía Marica recibía algunha, como non sabía leere, chamaba a un neno, fillo d'unha veciña, o que llas lía; cuase sempre duas ou tres veces, pois a boa da muller non se fartaba de escoitar que o seu Antoniño estaba ben. En pago do seu traballo, dáballe o neno, tous ovos e un bó anaco de bola de mestura, e o rapáz ¡tardábanlle tanto as cartas de Antón!

Rosa, o leere a sua carta, sorriuse o vere o bó camiño que levaban as cousas, e pensou en que axiña mandaríaa Antón algú cartiños... ¡nos ganaba xá? Esquirbiulle á Antón unha carta moi longa, n'a que lle falaba de aforros, de casas, de leiras, de letras, en fin, de todo o que non lle convíña que o seu mozo se esquencera ¡Sempre a endiañada cobiza!

A tía Marica chamou o rapáz que lle lía as cartas, e ditoulle unha para o seu fillo. Aquela carta, tan longa, ou máis que a de Rosa, iba chea de consellos, de recomendaciós: "se homildifio e traballador; xún-

tante con bós rapaces; non te prives de nada, pois unha enfermidade axiña se atopa” e finaba: “Ti traballas, ti o ganas, e ti debes comelo e vestilo. Eu atópome ben; nada me falta. Córdate ben, non seia o conto que enfermes... ¡que a Virxen n'ó queira.....!”

¡Se leera ésta carta Rosa...! ¡ou si estivera escoitando cando a vella ditáballe ó rapáz! Posibre fora que chorara co'a carraxe.

O primeiro diñeiro que xirou Antón, chegou para pagar o porte e'o rabo do interés, e algo máis que debían. Foi aquel día, para a tía Marica, un dos máis ledos da sua vida; probe o fora de cote, pero deber un ochavo ¡nunca! Cando viu aqueles cartos n'as suas maus, foise bulindo a Mera, pagou as deudas, e volvéu para a sua casa maxinando que os cartos, que se deben, cando se teñen queiman as maus.

Foi pasando o tempo; a Rosa, e á tía Marica parcialles ¡tan longo!

A Rosa tardáballe moito o día en que fosen un feito os seus sonos; e á tía Marica, aínda que non facía tanto tempo que non vía ó seu fillo, xa deseñaba velo. ¡Faciánselle tan longo! os días, e, sóbor todo, as noites!

Pero, como a todo se afái un, ela afixose tamén a aquela vida. A maor parte do día, e máis da noite pasábá n'a casa d'a tía Mari-Pepa, unha veciña sua, que tamén vivía soía; i-entre as duas mataban o tempo falando. A tía Marica ao lembrarse do seu fillo, e conta que esto era cada cincó minutos, decíalle á sua veciña:

—¡Que lonxe está de min o meu Antoniño...! ¡Soio Dios sabe canto daba eu por velo...! ¡canto tempo teño que agardar aínda!

—Ditosa ti, que tes en quen pensar... ¡pero eu?— replicáballe a tía Mari-Pepa—¡eu, que non teño a nadie, eu que vou a pensare? ¡a quen vou a agardar? Soidade e tristura, a miña. Ti ben o sabes, Marica; morreron os meus pais, recolléume a miña tía Xuana, e pouco despois, como si a desgracia me tivese de ollo, morreu a miña tía, e ó pouco tempo o seu home, i-eu quedei soía n'esta casa que herdéi d'eles. ¡Canto teño sofrido! ¡Máis, moito máis, que ti sofres! Desde que morreron os meus tíos, vivín a solas co'as miñas lembranzas. Hastra o amor non chamóu á miña porta, era tan probe, e tan feia! O amor eche un

pouco cobizoso, e os mozos miranché, ademáis da cara da moza, a facenda do pai. ¡I eu non tiña nin boa cara, nin boa facenda!

O ouvir esto, a tia Marica, pensou en Rosa, e díxolle á súa veciña:

— ¡Os mozos, Mari-Pepa...! Eu creio que as mozas tamén.

E, chegándose máis a ela, contoulle todo o que pensaba, con pequenas diferencias, o que era certo, como se o seu cerebro houbese recibido un menxase telepático; e cada día aferrábase máis n'a súa idea, e, a forza de pensare de cote o mesmo, chegou a se convencer de que non estaba trabucada.... ¡Intuición de nai!

Antón non tardou moito en mandar máis diñeiro. Facíalle máis caso ás cartas da moza que as da nai; aforraba canto podía; traballaba moito, non comía alá grande cousa, e, tocante a vestimenta, con tapa-ló coiro abondaba. Ademáis ¿para que fora él á América?—para facer cartiños—¿non...? pois para eso e preciso aforrar moito, ... leval'a vida que levaba. E, acuciado pol'a lembranza da nai, da noiva, e da tetra, iba xuntando, pouco a pouco, como a formiga, e cando valía a pena de xirár faciao.

Foi Antón, mainamente, nos momentos que adedicaba a discurrir atopando ¿como non? moita diferencia entre as cartas de Rosa e as da súa nai; e como aló non tiña diante os ollos meigos da súa noiva, nin ouvía a súa meiguiceira voz, que como unha venda tapábanlle o senso, comparou friamente as verbas das dúas, e, pouco a pouco, se foi convencendo de cal era o verdadeiro, o sinxelo amor. Destonces foise lembrando, unha a unha, das verbas de Rosa; foi lendo, a modiño, as súas cartas, e viu que tiñan moita, pero moita "letra miuda"; viu que n'aquelas liñas lle non falaba para nada de amor; viu que aquelas cartas estaban acuguladas de cobiza, e arripiado, convenceuse de que o amor de Rosa non era para él soio; si, viu que a maor parte, cuase podía decirse que todo, era para o diñeiro; e d'aquela pensou no interés, que ela tiña en que se marchara para América; n'había dúbida, o que ela quería era saire da probeza, fose como fose, ¡e él estivera tan cego que n'ô virá! O pensar n'esto lembrouse da súa probe nai, e cubrirlonse os ollos de bágoas ¡o d'ela si que era amor...! e quitou do peito o escapulario

e as medallas, e lles dou un bico, c'o mesmo agarimo, que se llo dise á sua nai n'a frente.

Cuase non facía caso das cartas de Rosa; verdadeiramente todas decían o mesmo, e cuase dábanlle noxo; pero, aínda co'esto, non deixaba de lle esquirbire cando lle esquirbía a sua nai. Non deixaba de queréla, pero o seu amor non era tan forte como outrora; iba amainando pouco a pouco, e ó tempo que amainaba iba crecendo o que sentía pol'a sua nai, millor dito, iba atopando máis buraco no seu curazón.

A arela de aforrar fíxose n'él máis forte, e como tivo a sorte de entrare de capataz n'unha axencia de trasportes e acarreos, que tiña un amigo dél, de Santa Cruz, e ganaba moito, xiraba máis a miudo e mais grandes cantidades.

A tía Marica ó recibire o importe das letras, que lle cobraban n'a Cruaa, os coñecidos de que xa falamos, quedábase aparvada, ¡cantos cartos meu Dios! contábaos e recontábaos sen se cansare, e non gastaba máis que o preciso, e o demáis empetábo.

—Son para o meu Antoniño; si, para él que os gañou ¡e sabe Dios con cantos traballiños!

Recibiu unha carta de Antón, n'a que éste lle decía qué, como os cartos xa chegaban, e aínda sobraría algo, mercase ús tarreos que estaban cuase a rentes da casa dondè vivían. Así o fixo a tía Marica, e despois de facel'a compra, e pagal'os máis do que valían, cuase non quería creere que n'aqueles tarreos ¡que eran do seu fillo! non tardaría moito en se erguere unha casiña ¡que tamén sería do seu fillo!

Cando Rosa soupo a noticia, díxollo axiña á sua nai, brincando co'a ledicia: é-aquela foi bulindo a llo decire a unha veciña, e añadíulle:

—E si non fora pol'a miña Rosa ¡cando chegarían a sere esos tarreos de Antón...? ¡nunca! A mira filla llos debe: e Marica ¡aínda a olla con malos ollos! Pero mira, Ramona, ó fin e ó cabo, seranche para a miña Rosiña... ¡e ben que os merece!

A veciña aquela díxollo a outra, e ó pouco tempo sóupose en todo Dexo.

Cando a tía Marica se enterou... ¡sentiu unha caraxe!

—Conque, ¡para ela!—decíase—para eso traballou e traballa o meu fillo, para eso marchou á América, para que esa folgazana cobizosa llo coma; para ela...? ¡verémolo...! ¡Dios non queira tal cousa...! mala mu-

ller...! ¡moitas ten que pagare; e as pagará todas xuntas.....!

O pensar n'esto, lostregábanlle os ollos, e saiu á porta, ollóu cara á casa de Rosa e, con voz ronca, cuase berrando dixo:

—¡Cobizosa...! ¡famenta...! folgazana...! ¿para ti, o que ganóu meu Antón? ¡n'ó verás...! ¡xúrocho!

E, con además de tola, ¡dou media volta t-entrou n'a casa, pechando a porta con forza.

## VI

Pasaron cinco anos. Antón, interesado n'o negocio, fixo moitos cartos, que, pouco a pouco, foille mandando a sua nai. Esta, por mandato d'él mercara as leiras que levaban arrendadas preto de Subiña e, pouco despóis, mandóu que comenzaran a facer, n'os seus terreos, unha casa como a de Xacinto de Portela: unha d'as millores d'aqueles arredores; e os traballos cómenzaron axiña.

A tía Marica pensaba, con tristura, en que moi axiña tería que abandonar aquela vella casaña onde vivira tantos anos. Cando se casara fora para ela; n'ela tivera o seu fillo; n'ela morréralle o home..... ¡cantas alegrías, e cantas penas pasara entre aquelas paredes!

Rosa ollaba con ledicia como os traballadores facían as paredes da casaña, d'aquela casaña que axiña sería sua; e cada pedra que poñían era para ela un paso que daba cara á felicidade. A maior parte do día a pasaba preto d'ali, ollando ós traballadores... ¡que traballaban tan pouco...! ¡tentada estaba a lles axudar...! pero cando vía á tía Marica fuxía: as olladas que ésta lle botaba escorrentábanna.

Os traballadores traballaban de firme, aínda que a Rosa llo non parecera, e moi axiña pórían o ramo de loureiro enriba do tellado.

En Dexo non se falaba máis que da sorte de Rosa. ¡-ésta, falaba, con moito arruallo, da casa, como se fora cousa sua. A tía Marica enterábase de todo, e sorría e calaba.

Os sonos de Rosa pouco lles faltaba para se trocaren en realidade; a casa cuase estaba romatada; Antón esquirbira decindo que axiña viría, e a Doa da rapaza considerábase a muller máis feliz da terra...

¡Como iban a rabiarse as suas veciñas, cando se casara c'o seu mozo! E ó pensare n'esto, tremaba co'a satisfacción e o orgulo... ¡o seu trunfo iba a sere completo...! todo o que cobizara xa estaba conquerido; nada lle faltaba, e axiña finiría para ela, aquela vida de miseria, de pobreza, e de traballos, ¡xa tería quen traballara por ela...! ¡habendo cartos!

Esquirbiu Antón decindo que o día quince d'aquel mes chegaría á Cruña. A tía Marica aqueles días somellábanlle anos, ¡tiña tantas ganas de vere ó seu Antoniño...! e á alegría que recibiu Rosa foi inmensa; despois de agardar tantos anos iba a vere trocados en realidade todol'os seus soños, total'as suas arelas.

A mañán do día que chegaba Antón, foi a tía Marica á beira do mar, para vere pasalo barco. Estivo alí, moito tempo, ollando o mar; e, por fin viu aparecer, dando a volta fronte a torre de Hércules para entrar n'a ría da Cruña, un fermoso vapor, que pasou por diante d'ela, maxestoso, imponente; somellaba un pazo frotante; e ollóuno embobada, sentindo que o curazón lle daba grandes pulos. A tía Marica quixera ter, n'aquel momento, áas para voar hastra él, para lle dar o seu fillo unha forte aperta e moitos, moitos bicos. Seguiu ollándoo hastra que entrou n'a bahía da Cruña, e despois marchou para a súa casa; púxose o máis bó traxe que tiña, e marchou para Mera... ¡tardáballe tanto o momento de vere e abrazar ó seu filliño!

Iba pol'o camiño cavilando se viría máis gordo, ou máis delgado; se vestido así ou de outro xeito; se estaría máis outo ou non, cando de súpeto, n'unha volta do camiño, atopou a Rosa que co'a súa nai, se dirixía ó mesmo sitio. Sentiu que toda a sangue lle rubía a testa, e paróuse; deixou que pasara un bó anaco, para lles dar tempo á se alonxaren, e logo paseniñamente, volveu a camiñar.

Cando chegou ó porto preguntou se estaba algunha lancha diáa n'a Cruña, e ripricáronlle que sí; d'aquela segura de que Antón non tardaría moito en chegare, sentouse n'o areal, e co'a vista fixa n'o mar, agardou, pacenzudamente, Rosa e a súa nai, arredadas d'ela un bó anaco, parolaban, e, de cando en cando, botábanlle unha ollada, pero non pensaron ¡nin moito menos! en chegarse a ela.

Agardaron moito tempo. A tía Marica non movía pé



nin man, e tan concentrada tiña a súa atención n'omar, que se d'aquela a chamaran non reprecaría, ou se o mar foise, pouco a pouco, chegándose a ela non se decataría; n'aqueles momentos tiña todo o seu senso e toda a i-alma n'os ollos, que incansables ollaban o movibre camiño por onde iba a vire o que máis quería n'o mundo.

Foi pódndose o sol, tras da liña branca das casas da Cruña.

Alá, lexos cuase a rentes do castelo de San Antón, aparecéu unha vela branca. A tía Marica, ó vela, ergueuse, e botou a man ó peito como se quixera coñter o curazón, que lle brincaba ledamente. A vela foise chegando, e cando estivo n'a entrada do porto, víuse craramente que era a lancha d'ali que viña acugulada de xente. Non e para decire o que sentiu a tía Marica n'o tempo que tardou a lancha en chegar ó areal; quixera ter dobre vista, para sabere cal d'aqueles homes que viñan abordo, era o seu fillo.

Xa máis preto d'ela a lancha, ollou con acuciantes ollos, para a xente que n'ela viña, e..... viu arripiada que ningún d'aquelles homes era Antón. Tremoulle o corpo, e c'os ollos moi recachados foise chegando á beira do mar, hastra meterse n'a i-auga. Un anaquiño denantes de se espetare a lancha n'a area, ergueuse abordo un home, e á boa da tía Marica, creou morrer de ledicia; aquel home era o seu fillo; n'ó coñocera porque se deixara crecer o bigote, e non estaba tan côrado e gordo como cando marchara; pero o velo direito ollánda, non dubidóu; si, era o seu Antoníño, e sen agardare máis, metéuse n'o mar, hastra media perna, e chegouse á lancha, e apertóu e bicóu o seu fillo.

Xa n'o areal, foi Antón apertado e bicado novamente pol'a súa nai, i-él dáballle bico por bico, e aperta por aperta, e así estiveron un anaquiño.

Cando Antón viu a Rosa, chegouse a ela, e botáronse unha ollada longa, moi longa. Antón atopouna máis outa e máis gorda, máis muller; pero, ¡cousa rara! non lle parecéu tan feiticeira como cando era máis nena. Rosa non se fartaba de ademirar á Antón, ¡estaba tan xentil; mesmamente somellaba un señorito... ¡Que traxe novo; que sombreiro máis bunito; que zapatos côrados; que calcetis a regos brancos e amarelos; que pano de seda bermella, n'o bulso da chaqueta; e que impreimable còr palla! Pero houbo algo

máis, que lle fixo abrir os ollos canto puido, e foi unha leontina de ouro que escintilaba pendurada do seu chaleque... ¡que leontina, máis boa; xa valería unha boa presíña de cartos!

Despois de se ollaren ben, faláronse unhas cantas verbas. A xente ó arredor d'eles ollábaos sorrindo. Antón despedíuse de Rosa, e chegouse á sua nai; e, pouco a pouco, parolando moito, encamiñáronse a Dexo. Antón levava moitas ganas de vel'a sua casa; deseñaba vel'o f'oitto do seu traballo, do seu suor. Cando chegaron era noite, e como non se vía moi ben, deixou o eisamen para o outro día. Entraron n'ela, e ali, n'a "sua" casa conversaron hastra que se fartaron, ¡tiñan tantas cousas que se deciren, despois de nove anos de separación!

O outro día foi Antón á Cruña para recoller unhos baiules que traía.

Cando estivo c'os baiules n'a casa, foi Antón quitando d'eles, váreas cousas, e a tía Marica iba de pasmo en pasmo, ¡estaba parva vendo tanta fartura. Antón traía de todo: os baiules, viñan ben acugulados. Despois devaleiral'os baiules, deslixo Antón un envoltorio que deixara n'o chau..... e a tía Marica quedouse admirada o vere un pano de seda, bermello que mesmo relucía, e un mantón de pelo, que daba xenio.

Antón perguntoulle:

—¿Gústalle, miña nai?

—¡Moito!

—Merqueinos para vosté, n'a Cruña.

A tía Marica colleunos, e quedón como agardando algo máis. Decatouse Antón e díxolle sorrindo:

—¿Parécelle pouco, nón?

—¡Pouco, meu fillo...! ¡non home! pero... ¿para Rosa non trás algo?

—Para Rosa..... para Rosa..... nada.

—¿Abofé?

—¡Abofé!

A boa da muller abriu a boca e quedou calada; euase non cría o que Antón lle decía. O seu filló, vendo á admiración que sentía, díxolle:

—Vai a sabere porqué non ben nada para Rosa: Todo o que ganéi, todo o que teño, e para vosté e para min. Vosté sofriu moito, e traballou de cote, e quero que pase a vellez tranquila, sen penas, e sen que

lle falte nada. Aló vin craramente canto vosté me quere; aló vin cal era o verdadeiro amor, o amor sinxelo, que non estaba lixugado pol'a cobiza; aló me din conta de que o interés que a miña noiva tiña en que marchara para América, non era soio pol'o meu ben; as suas cartas mostrábanmo ben craramente; si, ó comparálas co'as cartas que vosté me mandaba, caeu dos meus ollos e do meu senso a venda que os tapaba... e lembreime de vosté, e ó vere canto sofrira, ó vere as angurias que pasara por amor d'a miña cegueira, xurái que todo ¡todo! canto chegase a tere, sería para vosté; si, para a miña naiçia que deixara abandonada..... e agora cumpro o meu xuramento... ¡aínda me parece pouco o que teño para lle dare!

A sua nai choraba, e Antón apertouna contra o seu peito, i-ela con esmorecente voz, que os saloucos afogaban decialle:

—¡Que bô eres, meu filliño...! ¡meu ben...! que bô eres...!

Antón n'aquel momento sentiuse feliz, moi feliz; como nunca se sentira.

—Canto tiveche que traballar, meu Anteniño—dixo a tia Marica.

—Pirmeiramente, moito—, reprecoulle o seu fillo— pero n'os dous derradeiros anos, non tanto; además de folgar algo máis, euase ganaba o dobre, e comía millor, e vestía como visto agora; ¡que diferençia de cando marchéi!

—Si, meu filliño; pero ben ganado o tés; traballache abondo, fuche aforrador, e bô... e Dios axudouche.

—Sorte, miña nai, sorte que tiven. Outros traballan máis que eu traballéi, e o mesmo que se non traballaran, ¡cando o vento non sopra de bô lado, aínda que se loite.....!

Moi de mañá ergueuse Antón, e o primeiro que fixo foi ollar, hastra se cansare, a sua casa. Aquel día levaron para ela todo o que tiñan n'a outra casifa... e Antón c'o trafego esqueceuse de Rosa.

## VII

Decatouse Rosa da friaxe de Antón, ¡duas noites sen ire cabo d'ela...! e coidou que a tia Marica tiña toda a culpa; e fixo por atopar á Antón para sabere porqué non iba a falar co'ela, pois, aínda que o supoñía, como dixemos, deseñaba ouvílo para se conven-

cere. Un domingo, ó saire da igreſía, víuno e chegou-se a él. Antón lle non puxo mala cara, e Rosa deci-diúse a lle falar craramente, e díxolle:

Non sei Antón, porque non vás cabo de min. Eu, que seipa, che non fixen nada malo. Sigo queréndote como te quixen sempre. Mentras estiveche fora cuase non sain da casa; levéi vida de vella; e nada tes que botarme en cara.

—Nada Rosa; e certo. Pero tiven que facer moitas cousas, e non puíden ire cabo de ti—reprícoulle Antón con non moi segura voz.—Como sabes tivemos que levare a nosa probeza para a casa nova, e o tempo vaise axiña.

—E, sobor todo, cando un quere, moito máis. Se quixeras che non faltaría un momentíño para parolare connigo; pero agora eu para ti ¡son tan pouca cosa!—e ó falar cuase choraba.

—Eres a mesma, Rosa.

—Non, Antón, non; non mintas. ¡Sabe Dios o que de mín che dixeron! ¡Írianlle con tantos contos a tua nai...! a xente fala o que quere... ¡e cando un quere facer caso...!

—A miña nai non me dixo nada; e xa sabes nunca fixen caso de contos. Pero, como non sei mentir, vouche a decir o que penso: Como pol'o de agora non ei de me casar, e como non quero que pasel'o tempo, tendo como tés abondo quen te cobice, será ben deixemos de sere noivos. pois.....

Rosa n'ó deixou seguire, e, con voz tremante díxolle:

—E dízme agora eso, despóis d'entretérme tantos anos; a boa hora lembraste de m'o decir. Bó pago me dás, Antón, cando e a mín a quen debel'o que tés, pois dime ¿marchabas para América s'eu non cho díxera...? ¿Quén che amostró o camiño de facer díñero, quén...? Eu, que che quería; eu, que deseñaba o teu ben, a tua felicidade; eu, que agardéi tantos anos sen deixare de me lembrar de ti; e agora dasme este pago. ¡Así pagas o meu amor...! ¡asi é o teu agrade-cemento.

E botouse a chorar, o pensar que os seus soños, que vira cumpridos, desfaciáanse como o fume que o aire espalla. Antón sufría moito, ó fin non tiña mal curazón, e o seu cerebro era un formigueiro de pen-samentos.

—Non te poñas así, muller, acouga—díxolle a Rosa. Pero ésta seguía chorando acongoxada, e Antón,

depois de precurar acougala sen conseguilo, foi co'ela hasira a porta da sua casa; e Rosa, ó vere que Antón iba a marchare sen lle decir nada, díxolle co'a testa erguida e lostregante a mirada:

—Ben, Antón, así é que pensas deixarme?

—E Antón, que deseíaba romatar axiña, répricoulle:

—Xa che dixen abondo; se pensara en me casar, contigo o faría, pero ¿para que pasalo tempo, se n'ó penso facer polo de agora?

—Tés razón, home; ¡xa me fíxeche pasar tempo abondo!—pero o que conmigo fás, che a pesare... ¡n'ó esquezas!

—Entróu n'a casa saloucando.

As bágoas das mulleres teñen unha forza que en moitos casos é imposible o resistire; ten un que sere de pedra, ou de outra cousa polo xeito, para non se abrandar como a cera, e perdoar, s'è causa de perdón; ou esquencer, se d'algunha cousa mala se trata. E como as mulleres saben esto ¡n'habían sabélo! se teñen de cote bágoas abondo, céibannas cando ven que co'as verbas non abranguen nada.

Antón non era de pedra, nin moito menos, pero coñecía o pano, e non se abrandóu. Marchóu Antón d'ali para a sua casa, e, polo camiño, foi lembrándose das verbas de Rosa, e quedóuse admirado ó vere que ben saben mentir as mulleres cando lles convén; eraro, que non deixaba de atopar moito de certo n'ó que díxera, pero lembróuse da sua nai e precuróu facer fuxir aqueles pensamentos, que, como cantos de sirea, soaban n'os seus ouvidos. Non, non trocaría as suas ideías; a sua nai era a úneca muller dina do seu amor, e por nada do mundo daríalle un disgusto máis ¡abondo sofrira xá! e, ademáis, decatouse da xenreira que ela tíñalle a Rosa ¡ben eraramente se vía...! e ¿como iba a levarlle para á casa unha muller a quen non podía vere? Non, eso n'ó faría, aínda que tivera que sufrir moito, ¡pirmeiro era a sua nai, e despóis, e sempre!

Botaban, a tía Marica e o seu fillo, longas parrafadas, e cuase en todas elas, precuraba levar a boa da muller a conversa polo camiño dos amoríos e casorios, pero Antón, que de contado se decatava das intencións da sua nai, trocaba o rumbo do que parolaban, e faláballe do tempo, da sementeira, ou do outra cousa polo xeito; pero un día a tía Marica non andivo con voltas, e díxolle ó seu fillo:

—Xa fai moito tempo que se me meteu n'a testa o preguntarche unha cousa, i-é a seguinte: ¿ti non pensas en te casar?

Antón quedouse sorprendido, e reprecoulle sorrindo:

—¿E porqué, miña nai?

—Porque xa tes tempo abondo, para facelo; xa non eres un neno, Antón, eu vou vella; non tardaréi moito en morrere. Xa debías de ire pensando en buscar compañeira. ¿se non a tes buscada xá!

—Non, miña nai, n'a teño buscada.

—Pois, coída que como a busques, axiña a atopas xúrocho.

—Non teño porque buscala ¿para que quero outro agarimo se n'o perciso? Abóndame c'o seu.

—Agora si, meu fillo, pero cando eu morra ¡atoparáste tan soio!

Quixera verte casadiño; con estare cabo ti abóndame. ¡Que felicidade tere ús netiños...! ¡canto iba á bicalos, e á agarrimalos!

Antón quedou calado un bô anaco. ¡sóo Dios e él, saben o que d'aquela pensou! A tía Marica decatouse de que ó seu fillo lle non gustaba falar d'aquelo, e tascou a conversa.

Antón propúxose unha cousa: non se casare; pero o demo, que e un personaxe que está moi afeito a reviralo todo, dispuxo outra. Pero o que o demo dispuxo e cousa qué, ó entender, debe ire n'outro capítulo.

## VIII

O saberse que Antón non falaba con Rosa, houbo un tole de moite mimo. N'as portas, n'as casas, n'as eiras, n'o monte, n'unha verba, onde se xuntaran de duas persoas para adiante, non se falaba d'outra cousa. As faladurías eran de todol'os xeitos, e para todos os gustos, e o caso causou máis estraneza que se aquél ano non se pagasen os consumos. As malas lénagoas, cebáronse n'a probe Rosa, e non quedou cousa que non se dixera d'ela.

—Estalle ben por cobizosa, e agora que "lle pasou o sol pol'a porta" a ver que fai—decían moitas rapazas, aínda que n'o mesmo caso que ela houbesen feito o mesmo.

Estas faladurías chegaron ós ouvidos de Rosa, e

foi tal a carraxe que tomou que enfermou i-estivo tres días n'a cama. ¡Ademáis de perdere a casuña, e algo máis, andar en lénagoas? ¡era demasiado! e xuróu que se vingaría ¡non faltaba máis; d'ela non se ría nadie!

A sua nai precuraba distraela; coidaba que as mágoas da sua filla, axiña se curarían, pero estaba moi trabucada. As mágoas de Rosa eran moi fondas; o seu orgulo sofrira moito ¡e son tan malas de curare estas feridas! O tempo, que para éstas cousas e a medecía millor, xa llas iría pechando, pouco a pouco. Ademáis, Rosa sufría dous dóres: un, porque aquél home con quen tanto xogara, e que de cote fixera o que ela quería; aquél que n-outroira ollábã como se olla a unha santa, e que cuase choraba cando lle decía que iba a deixar de querele; aquél que por cumprirle o cabuxo deixara soía à sua nai, para marchare a lonxanas terras; aquél, en fin, que lle debía todo o que tiña, si señor, ¡todo o que tiña...! deixabã desprezábã: esto doíalle moito, moitísimo, pero que a deixara cando abranguera todo o que ela cobizaba...! ¡non tiña perdón de Dios...! ¡nin d'ela tampouco...! que o fixera denantes, cando nada tiña, aínda que tal, pero ¡facelo agora! esto si que lle doía ¡pero que dôr, Dios santo! E ó pensar en que xamáis sería dona da casa, cuase toleaba, e choraba con carraxe, e cuase non dormía, nin comía, nin facía cousa a xeito.

Deixemos a Rosa cos seus dóres, pois non é cousa de ver tristuras, e vamosa vel'o que facía Antón entramentras. Como xa traballara abondo ¡que caráspeita! e había cartiños, adivertiase; non perdía festa, nin cousa somellante. El non tiña porque estar triste ¡que lle faltaba...? nada... pois a vivire o millor posible, que a vida e un sopro.

Unha mañán, que o sol brilaba n'un ceo limpo de nubes, qu'os seus rayos espallaban n'a i-alma esa ledicia, ese benestar, que é a alegría de vivire, cando as penas non aníñan n'un; unhas d'esas mañás, en que os páxaros cantan c'os seus millores e ledos gorxeos, e os campos, dourados pol'o sol, se visten co'as máis fermosas galas, e recenden máill'as fróles, e os regos marmuran máis docemente, encamiñouse Antón a Lorré, onde había festa.

¡Canto se adivertíu Antón aquél día! Trouleóu canto quixo, beilóu hastra se cansare; e xantóu n'a casa do tío Benito de Luaces, que levaba o ramo aquel

ano, así que folga decir que corréu pero que moi ben. Finado o xantar, c'oa testa un pouco quente, e as pernas non moi seguras, parolou con Carmela, a filla do tío Benito, unha garrida moza; e Antón a atopou máis fermosa do que era. N'a deixou de man, e ó marchar de cabo d'ela fixo con moito sentimento.

Pol'o camiño, cando volvía para Dexo, non pensou máis que en Carmela, e, cando chegou a súa casa, faloulle á súa nai tan ben d'a rapaza, gabouna tanto, que a tía Marica sorriuse, chuscoulle un ollo, e díxolle:

—Non é mala rapaza, non.

O outro día foi Antón a Lórvé, i-en todo o día non se arredou de Carmela; aínda atopaba n'ela máis fermosa que a primeira vez que a ollara. A rapaza non lle parecêu feio Antón..... e o Amor, que non se fixa en xuramentos, como se quixera amosrarlle a Antón que co'él non se xoga, fixo unha das suas.

A tía Marica, ó se decatara de que o seu fillo estaba namorado, alegrouse moito: Carmela era boa e facendosa, xuíciosa e garrida, unha boa nora; non como aquela Rosa, que non pensaba máis que n'o diñeiro; pol'o menos Carmela tocante a eso, menos mal poi'o tío Benito non era dos máis probes, e..... xa queda eispricado, non tan ben como quixéramos, o que o demo dispuxo.\*

## IX

Rosa recachou os ollos e quedou aparvada ollando á súa nai, e, cando tomou folgos, díxolle:

—¿Vironnos xuntos...? ¿onde...? ¿cando?

—Onte, n'a súa porta. Díxome Xan o coxo, que viña d'aló.

Rosa pensou morrer; pareceulle que o sol se nubrava, e que non podía alentare; tremáballe todo o corpo, e tivo que se sentare, pois non podía terse de pé. Hastra aquél momento tivera esperanzas; aínda ¡malpocada! lle parecía que Antón volvería cabo d'ela, pero, agora, ó ouvir o que a súa nai lle decía vía o trabucada que estaba, ¡Adiós soños; adiós casa; adiós leiras....! ¡adiós todo! Estivo un bô anaco como sen senso, e despóis ergueuse, e lostregándolle os ollos, díxo con ronca voz:

—¡El será para ela; pero a casa non...! ¡Vinga-réime!



E, ó decir esto, pechóu as más con forza, ameazadora.

Os amores de Antón marchaban vento en popa; cuase de día en día namorábase máis, e non tardóu en pensare n'o casoiro Dixollo á sua nai, i-entre os dous conviñeron en que fose d'ali a dous meses.

Poucos días faltaban para o casamento de Antón; cuase todo estaba preparado; soio faltaban algunhas cousas que tiñan que ire a mercar á Cruña, e Antón decidíu o ire coa sua nai e con Carmela. Foi por ésta a Lorré, e, xa de volta co'ela, pasaron por diante da casa de Rosa, i-ésta víunos pasar. Saiu da casa e foise atrás d'eles. Víu que entraban n'a casa dél, e agardou para velos saire, e saber a onde iban. Non tardaron moito en aparecer n'a porta a tía Marica, Antón, e Carmela, ledós e falangueiros, e se dirixiron a Mera. Rosa, moi amodiño, colléu o mesmo camiño, e, sen perdelos de vista, os foi seguindo. O chegar a Bointe, Rosa quedóu parada, non quería que a visen atrás d'eles, e dou volta pra Dexo, ¡Canto sofria! Tentada estivera a se chegar a Carmela e apretarlle a gorxa; ¡que xenreira lle tiña...! aquela muller iba a sel'a dona de todo o que ela cobizara, de toda a sua felicidade; e entramentras ela sofria, aquela Carmela iria pensando n'as ledicias que a agardaban; non, ela, millor dito, eles, tiñan que sofrir tamén ¡e sufrirían!

Cando chegóu preto da casa de Antón parouse, e a estivo ollando. Ilumiñouse a sua cara c'unha sorriso terrible; n'o seu miolo xermolara unha idea, e, paseniñamente, foi dando unha volta ó arredor da casa. Chegouse á porta que daba a unhas leiras, empuxóuna e ó vere que estaba pechada, ollou as fenestras, e viu que unha estaba aberta, e se rubiu a un carro que había debaixo da fenestra, a rentes da casa, e, a forza de forzas, foise erguendo e saltou drento do sobrado. Pechóu ben as fenestras, e recorreu toda a casa; foi á cocíña, colléu n'o cunqueiro unha caixa de mistos, fixo un montón coa leña que había n'a lareira, n'o medio do sobrado, prantouille lume, o mesmo que as camas, e volvéu a saire pol'o mesmo sitio que entrara. Fuxiu pol'a corredeira, das Hostias, cuase sen sabere o que facía; quería arredarse ben da casa, e desde lonxe ollar como se queimaba. Rubiuse a un cómaro, sentóuse, preto da corredeira, e, cos ollos fixos n'a casa, agardóu. Non tardóu moito, en sair fume pol'as rendixas das portas e fenestras; despóis o

fume fixose máis mouro e espeso, e comenzaron a saír as lénguas roxas do lume.

Cando n'a aldea se decataron de que o lume andaba n'a casa de Antón, xa aquél fixérase dono de todo; o tellado cuase estaba esmoroado por compreto, e pol'os buracos saía o lume que rubía un bó anaco, e unha columna de fume, moura e outa. As campás da igreia tocaban canto podían, e a xente corría e se xuntaba diante da casa.

Rosa seguía no mesmo sitio. Sentía moito dôr n'a testa, e tremaba como unha folla que o vento abanea. Ó vere como o lume desfacia aquela casaña que tanto cobizara; como se esmoroaban as paredes, e o tellado; como se queimaban as fenestras, e portas; e como, ó fin, soio quedaban as paredes medio derrubadas, ¡cantos pensamentos boligaban n'o seu cerebro! ¡Co'aquela casa se queimaban as suas arelas, os seus soños; aquel lume desfacia, esmoroaba, o que ela coídara que chegaría a sere seu; si, derrubaba, esnaquizaba, todo o que cobizara! Púxose como tola; as portas e fenestras, que soio eran ús buracos roxos, somellábanlle boca e ollos respectivamente; a casa era unha casa horrible, que lle facía carantoñas; arripíada quixo fuxir, sentía moita calor, afogábase; pensou estare n'o medio do lume, fixo un grande esforzo i-ergueuse, abriu moito os ollos, viu que o ceo virábase mouro, moi mouro, estricóu os brazos e abriu as maus, como se quixera agarrarse a algo, púxoselle a cara moi roxa, e caeu pesadamente ó chan, rolóu pol'o cómaro, esmagóu unhas silveiras, e caéu, desde bastante outura, n'a corredeira. O caere dou co'a testa n'as guixas do chan, e quedóu tesa, cos brazos abertos, e coa cara metida nunha poza, que a sangue que lle esbaraba pol'a frente foi, pouco a pouco, tinxindo de roxo.

O espíritu da probe Rosa voóu ás desconocidas rexións do infinito, envolteito pol'o fume que o aire espallaba, por aquel fume mouro, moi mouro, como as tristuras, como os seus dôres.....

## X

Diante das cinzas, aínda quentes, da casa, sentiu Antón o dôr máis fondo, máis terrible, e, acongoxado, choróu moito aquela perda..... ¡a perda de cuase todo o que tiña! Carmela consolóuno e, con smxelas

verbas, que do máis fondo da alma lle saian, díxolle:

—Agora, que non tes casa, casareime contigo moito máis leda que se a tiveras; non podes, Antón, volve-la a facer: non tes cartos abondo; pero eu quéro-te o mesmo; cuase creio que quéro-te máis. A xente fala, ben o sabes, o que quere, i-eu ben sei que, ó me casare contigo, dirían que o facía pol'o interés: agora non dirán eso, ¡así seréi feliz, verdadeiramente feliz!

Antón ouvíá tremando c'oa ledicia, ¡aquél si que era amor sinxelo! e as verbas da sua noiva foron a millor medeciña para o seu dôr.

Non tardaron moito en se casaren. A tía Marica morréu tres anos despóis, pero satisfeita de habere abranguido o que tanto cobizaba: bicar ós seus netiños; dous anxeliños, que eran a ledicia dos seus pais. Antón viu destonces, que a felicidade fai o mesmo que a fortuna: amostra, ás veces, a sua risoña cara, para que un, pensando que abonda con estricare o brazo para chegar a ela, queira abranguela, e que axiña fuxe lonxe, ¡tan lonxe que xamais vólvese á atopar...! e viu tamén que non é cousa eisclusiva dos ricos, pois acostuma fuxir do cabo da fortuna, i-en troques, aniña, moitas veces, n'as máis probes chouzas, en amigabre xuntoiro co'a miseria e coa fame; e ó vere que era tan feliz sen vivir en casa sua, e traballando moito, convenceuse de que a verdadeira felicidade solo pode sere filla do traballo, da virtude, e do amor sinxelo.

FIN



**Las Maravillas del Mundo  
y del Hombre**


*Obra completa: 50 cuadernos*

**ASIA    OCEANÍA  
AFRICA    AMÉRICA  
EUROPA**

**1'50 CUADERNO**

**EDITORIAL IBÉRICA: J. Pugés - S. en C.  
Paseo de Gracia, 62  
BARCELONA**

Pídase nuestro extenso Catálogo de obras publicadas





GRAN HOTEL, RESTAURANT Y CAFÉ  
"LA PERLA"

Director-Propietario: **RAMÓN BARRIO**

Calles de Juana de Vega, 23 y Fonseca, 3 (toda la manzana)

Hay Automóvil y Lancha-motora, propiedad  
del Hotel, al servicio de los señores viajeros

Es el Hotel mejor y más moderno de LA CORUÑA